

## ACTA DA ASAMBLEA XERAL

En Lugo (Salón de actos do club Fluvial, c/ Fermín Rivera s/n) e tamén de forma telemática, sendo ás 10:32 horas do **sábado 17 de decembro de 2022**, réunese a Asamblea Xeral da FEGADO en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecido e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 17 dos seus 35 membros, todos eles representados en tempo e forma:

### 1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (12 de 23):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves) > Diego Fernández Sánchez	x	
CDM Xesteiras (Pontevedra) > Yago Breijo Martínez	x	
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	x	
A.D.C. Arnela (Porto do Son) > Antonio Piñeiro Pouso	x	
Gallaecia Raid (A Coruña) > Carlos Salvador Rodríguez	x	
S.M. Ártabros (A Coruña) > Alfonso Mancera Bello	x	
Fluvial de Lugo (Lugo) > Carlos Fernández Martínez	x	
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras) > Xan Mariano Trigo	x	
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño) > José Cabaleiro Vila	x	
Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Javier Alvelo Fraguela	x	
Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos	x	
VigoOrienta (Vigo)		x
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		x
Brigantia Aventura (A Coruña)		x
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		x
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		x

Club O Pasatempo (Betanzos)		x
Club Objetivo Trail (Pontevedra)		x
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		x
Club Sociedade Excursionista Científica de Órdenes (Ordes)		x
Club USC (Santiago de Compostela)		x
Club Víchelas (Guitiriz)		x
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia) > Óscar Gómez Miguez	x	

## 2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (4 de 8):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta	x	
Maikel Rodríguez Domínguez	x	
Borja Varela Paz	x	
Laura Garrido Martínez	x	
Enrique Luis Álvarez Estévez		x
Yolanda García González		x
David Lareo Martínez		x
Victoria López Permuy		x

## 3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	x	
Teresa Bellón Santos	x	

## 4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	x	
Candela Puime López	x	

Tamén asisten, con voz pero sen voto: Roberto Amarelle Garabán (secretario), Javier Antoñón Clemente (tesoureiro), Claudia Oreiro Chapela (vicepresidenta), Jorge Piñeiro Portela (Director técnico), Manuel Pedre Vázquez (Vogal O-raid), Mónica Figueroa Leiro.

### **1º.- Aprobación, se procede, das Acta do 29 de maio e 12 de outubro de 2022.**

Toma a palabra Alfonso Mancera para puntualizar que na acta do 29 de maio de 2022 non aparece reflectido o momento no que se comezará a aplicar o canon do material en empréstamo. Responde Vicente Pastoriza (secretario da anterior Xunta Directiva) para aclarar que ese canon comezará a aplicarse a partir do ano 2023. Intervén Jorge Piñeiro para aclarar que todo o referente ao canon do material aparecerá detallado nas normas anuais do material sportident. Prodúcese un intercambio de opinións entre Manuel Pedre e Ángel Serto. Intervén Alfonso Mancera para aclarar que dentro do canon se inclúe todo o material, non só as estacións, senón tamén pinzas, reloxo de cronometraxe, etc.

Procédese á votación da Acta do 29 de maio de 2022, resultando aprobada con 14 votos a favor, 4 abstencións (ADC Arnela, AD A Forna-BudiñoRaid, Laura Garrido e Francisco Varela) e 2 votos en contra (Maikel Rodríguez e Candela Puime).

Procédese a votación da acta do 12 de outubro de 2022, resultando aprobada con 19 votos a favor e 1 abstención (Laura Garrido), sen ningún tipo de obxección nen enmenda.

### **2º.- Liquidación do presuposto anual 2022.**

Intervén Mónica Figueroa (tesoureira da anterior Xunta Directiva) explicando en detalle a distribución de ingresos e gastos correspondentes ao presente exercicio sobre a base do documento, "Execución presuposto xaneiro - 19 de decembro", que se encontra dispoñible no apartado *Contabilidade* da sección de *Transparencia* da páxina web da FEGADO. Apróbese por unanimidade a liquidación do presuposto anual 2022 a data do 17 de decembro presentado por Mónica Figueroa. Dita liquidación inclúe gastos aínda por efectuar, como é o da comida dos membros presentes fisicamente da Asamblea Xeral o propio día 17 de decembro con ocasión da súa reunión, o convenio de MTBO co Club Compás pola organización dunha MTBO en Castro de Rei, e o convenio co Club Compás pola organización dun Trail-O no Castro de Viladonga.

### **3º.- Aprobación do presuposto 2023.**

Intervén o tesoureiro da FEGADO, Javier Antoñón Clemente, para presentar o proxecto do presuposto para o seguinte exercicio. Indica que o proxecto pretende ser unha continuidade do que se viña facendo ata o de agora, pero coa diferenza que este ano non se asignou cantidade aos Proxectos de Especial Relevancia. Intervén Pablo Aller para preguntar porque nos presupostos do ano 2022 se asignara unha cantidade de 5200 euros e para o ano 2023 pasa a tan só 1700 euros. Intervén Mónica Figueroa para indicar que a cantidade de 5200 euros asignárase para organizar un campus de tecnificación que ao final non se puido realizar. Toma a palabra Laura Garrido para preguntar as causas polas que non se chegaron a executar esas tecnificacións previstas. Toma a palabra Javier Alvelo (presidente da anterior Xunta Directiva) para explicar que non se puido chegar a realizar pola falta de persoal e a falta de implicación dos clubs. Engade que a Xunta Directiva actual ten previsto organizar un novo campus de tecnificación pero sen que chegue a acontecer a mesma situación pasada. Replica Pablo Aller indicando que non lle parece realista xa que considera que eses 1700 euros non serán suficientes para a organización de todas as tecnificacións.

Intervén novamente Laura Garrido para preguntar que se contempla como posible solución ao que responde a presidenta da FEGADO, que para poder realizar esas tecnificacións será necesario pedir máis voluntarios/as para colaborar co director técnico (Jorge Piñeiro).

Toma o turno de palabra Mónica Figueroa para puntualizar que a asignación do diñeiro previsto pode ser suficiente e máis se se ten en conta que os/as monitores/as de tecnificación non cobran e o custo da impresión dos mapas é insignificante (en moitas ocasións cun custo total inferior aos 20 euros).

Intervén Jorge Piñeiro para indicar que o campus de tecnificación previsto para o ano 2022 ía raelizarse en Navarra-Soria pero iso implicaba que os/as monitores/as tiñan que dispor dun total de 9 días da súa axenda para acompañar aos participantes. Debido a que foi imposible atopar o número de monitores/as suficientes ese campus non se puido chegar a realizar.

Tras estas aclaracións procédese á votación do presuposto do ano 2023, resultando aprobado por 17 votos a favor e 2 abstencións (Laura Garrido e Pablo Aller) (ausencias de Lucía Parga e do Club Limiaactiva). O documento aprobado, "Presupostos 2023" atópase dispoñible no apartado *Contabilidade* da sección de Transparencia da páxina web da FEGADO.

#### **4º.- Aprobación do calendario deportivo 2023.**

Toma a palabra Javier Alvelo para ir realizando modificacións no proxecto do calendario en consenso cos diferentes membros da Asamblea Xeral.

Chegado un momento é necesario realizar unha votación particular para dicidir que club será o responsable de organizar o Campionato Provincial Escolar na provincia de Pontevedra, xa que foron dous os clubs interesados na súa organización: o club Aromon e o club BudiñoRaid. Na votación o club BudiñoRaid suma 7 votos (Vizhoja-Cornelios, BudiñoRaid, Gallaecia, Xesteiras, Ártabros, Borja Varela, Candela Puime), e o club Aromon outros 7 (Uvigo, Peña Trevinca, Laura Garrido, Ángel Serto, Teresa Bellón, Pablo Aller e o club Aromón). Na votación abstivéronse os Clubs Compás, Fluvial, Arnela e Lucía Parga. Dado o empate producido é necesario o voto de calidade da Presidenta da FEGADO que decide que sexa o Club Aromon o que se encargue da organización de dita proba, xustificando que durante o ano 2023 este club non organiza ningunha proba de orientación agás este campionato provincial escolar.

Tras rematar a votación intervén Carlos Salvador do club Gallaecia para indicar que por razóns laborais debe ausentarse delegando o voto en Claudia Oreiro.

Tras realizar todas as modificacións no proxecto do calendario deportivo procédese a súa votación, sendo aprobado con 15 votos a favor e 2 abstencións (Club Budiño Raid e Ángel Serto) (ausencias de Club Arnela, Limiactiva, Maikel Rodríguez, Candela Puime). O calendario aprobado, "Calendario Oficial FEGADO 2023" encóntrase dispoñible libremente no apartado *Calendarios* da sección de *Transparencia* da páxina web da FEGADO.

#### **6º.- Aprobación das normas técnicas e regulamentos que rexirán a competición 2023.**

Toma a palabra Jorge Piñeiro para abordar as propostas de modificación nas normas anuais e regulamentos deportivos, respecto dos vixentes para 2022. Estas propostas foron as previamente tratadas na Asamblea Técnica celebrada o 3 de decembro de 2022 en Santiago de Compostela. Abordáronse as seguintes propostas:

- Proposta realizada por Alicia Pérez Alonso que presenta unha enmenda de adición das normas anuais da Liga Galega de Raid de Orientación. Algúns clubs consideran que na redación do artigo 16 relacionado cos Horarios das probas e penalizacións por non chegar á hora de peche dunha sección. Concretamente o texto que figura na proposta é o seguinte:

*"Penalización por non chegar á hora de peche dunha sección: o equipo perderá tódolos puntos conseguidos máis tarde da hora de peche desa sección. No caso de chegar 30 minutos (ou máis) tarde a unha hora de peche, o equipo, perderá tódolos puntos conseguidos na sección. Sempre se considerará como tempo do equipo o do último compoñente en certificar o seu paso pola meta de sección. Esta hora de peche ten en conta o tempo efectivo de carreira de cada equipo, polo que se terá en conta o tempo neutralizado".*

Algúns dos membros da asamblea consideran que o texto que debería figurar sexa:

**“Penalización por non chegar á hora de peche dunha sección: o equipo perderá tódolos puntos conseguidos máis tarde da hora de peche desa sección. No caso de chegar 30 minutos (ou máis) tarde a unha hora de peche, o equipo, perderá tódolos puntos conseguidos na sección. Sempre se considerará como tempo do equipo o do último compoñente en certificar o seu paso pola meta de sección. Esta hora de peche ten en conta o tempo efectivo de carreira de cada equipo, polo que NON se terá en conta o tempo neutralizado”.**

Procédese á votación da proposta coa modificación anterior resultando aprobada con 10 votos a favor, 1 voto en contra (Borja Varela) e 4 abstencións (Ángel Serto, Teresa Bellón, Pablo Aller, Club Aromon) (ausencias de Vizhoja-Cornelios, Arnela, UVigo, Peña Trevinca, Limioactiva, Maikel Rodríguez).

- Proposta realizada por Candela Puime López que presenta unha enmenda de modificación e adición ao Regulamento de Orientación a pé e MTBO. Procédese á votación sendo aprobada con 12 votos a favor e 2 abstencións (Xesteiras e Laura Garrido) (ausencias de Vizhoja-Cornelios, Arnela, UVigo, Peña Trevinca, Limioactiva, Lucía Parga, Maikel Rodríguez).
- Proposta de Alfonso Mancera Bello que presenta unha enmenda de modificación das Normas Anuais da Liga Galega de Orientación a pé. Procédese á votación sendo rexeitada con: 2 votos a favor (Xesteiras, Ártabros), 10 votos en contra (BudiñoRaid, Compás, Fluvial, Laura Garrido, Ángel Serto, Teresa Bellón, Candela Puime, Pablo Aller, Sonia Gómez Naya, Aromon) e 2 abstencións (Gallaecia, Borja Varela). (ausencias de Vizhoja-Cornelios, Arnela, UVigo, Peña Trevinca, Limioactiva, Lucía Parga, Maikel Rodríguez).
- Proposta de Candela Puime López que presenta unha enmenda de modificación das Normas anuais da Liga Galega de Orientación a pé. Procédese á votación sendo rexeitada con: 1 voto a favor (Candela Puime), 12 votos en contra (GallaeciaRaid, Xesteiras, Compás, Fluvial, Ártabros, Borja Varela, Laura Garrido, Ángel Serto, Teresa Bellón, Pablo Aller, Sonia Gómez, Aromon) e 1 abstención (BudiñoRaid) (ausencias de Vizhoja-Cornelios, Arnela, UVigo, Peña Trevinca, Limioactiva, Lucía Parga, Maikel Rodríguez).
- Proposta de Jorge Piñeiro que presenta unha enmenda de modificación sobr o reglamento de Orientación e o reglamento de Raid de Orientación. Non se procede a súa votación porque a proposta é retirada polo seu autor que a pospón para unha asamblea posterior.

## 6º.- Presentación do proxecto deportivo 2023.

Interviene Jorge Piñeiro Portela para indicar que o proxecto deportivo para o ano 2023 pode consultarse dentro da área de Transparencia da páxina web da FEGADO e engade que se trata dun documento vivo que pode ir sufrindo modificacións a medida que avance a tempada e das suxestións que se consideren oportunas.

## 7º.- Rogos e preguntas.

Intervén a presidenta da FEGADO para lembrar aos clubs que cando os seu escolares saian fóra de España deben avisar con 15 días de antelación á vogalía de Deporte Escolar da FEGADO, así como poñelo en coñecemento da Secretaría Xeral do Deporte da Xunta de Galicia. Por outro lado tamén lembra que todos os clubs, o mesmo día no que se desenvolve unha proba de orientación deben enviar o ranking definitivo (non o provisional) á FEGADO.

Alfonso Mancera propón que en febreiro os clubs de orientación deberían facer unha reunión que non teña carácter de asamblea para determinar cal será o camiño a seguir da orientación en Galicia.

En liña co dito por Alfonso Mancera intervén Jorge Piñeiro para indicar que se van crear unhas mesas de traballo relacionadas coa organización das probas e a dirección a tomar pola Federación.

Intervén o club BudiñoRaid para rogar a posibilidade de facer as facturas antes dos pagos xa que algúns clubs teñen que pór o número da factura antes do pagamento.

Toma a palabra Maikel Rodríguez para preguntar porque a proposta que el presentou na Asamblea Técnica do 3 de decembro e que estaba relacionada coa limitación das probas non se abordou nesta asamblea xeral. Responde Jorge Piñeiro indicando que non se abordou porque ao ser unha proposta aberta debe ser concretada nesas mesas de traballo que se pretenden desenvolver durante a primeiro semestre do ano 2023.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral, co agradecemento da Presidenta a todos e todas os/as presentes e co desexo recíproco de felices festas, sendo as 15:39 horas do mesmo día 17 de decembre de 2022.

O secretario da Federación  
Roberto Amarelle Garabán

VºBº A Presidenta  
Sonia Gómez Naya

Asinado dixitalmente por AMARELLE GARABAN ROBERTO - \*\*\*3895\*\*  
Posto: Secretario da FEGADO  
Data: 22/10/2023  
Cun certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Asdo.: Roberto Amarelle Garabán  
Secretario da FEGADO

Vº Bº. : Sonia Gómez Naya  
Presidenta da FEGADO